



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA**

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 144/2023, do 9 de novembro, polo que se modifica o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, que determina que no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pasa a denominarse Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscibir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

#### **Antecedentes:**

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ostenta a representación da profesión de psicólogos na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo entre os seus fins a promoción e desenvolvemento técnico e científico da Psicoloxía e do servizo dos seus profesionais á sociedade.

Entre as competencias atribuídas á Xunta de Goberno desta entidade, están as de poder constituír grupos de traballo ou estudo, designar aos colexiados/as que estime oportuno para a presentación de informes, estudos e ditames, por requirimento ou a iniciativa propia, co fin de asesorar e apoiar, coa actuación do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, a acción permanente dos órganos e autoridades competentes en materia de protección civil tanto na prevención como na intervención ante situacións de emerxencia.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias "GIPCE", conta coa capacitación técnica e estrutura organizativa necesarias, adquiridas ao longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da nosa comunidade, o que nos permite dispoñer dun recurso necesario para dar unha resposta psicolóxica en desastres de media e gran magnitude.





### **Finalidade:**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

O convenio ten por obxecto establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a citada entidade, en canto ao apoio aos órganos e autoridades competentes, tanto en situacións derivadas de desastres de media e gran magnitude que poidan darse na nosa comunidade, como na mellora na prevención e seguridade dos nosos cidadáns, fortalecendo a planificación e intervención ante as necesidades de actuación psicolóxica tanto dos afectados directos, os seus achegados así como os membros dos grupos operativos actuantes nas emerxencias.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na necesidade de atender ás emerxencias ordinarias especiais avaliadas polos técnicos do GIPCE, asesorar a elaboración dos plans de protección civil realizados pola Xunta de Galicia, participar na implantación dos plans que poidan xerar importantes repercusións nas persoas e no medio ambiente, formar parte do gabinete de información e difusión dos citados plans cara á poboación, participación en simulacros e xornadas programadas coas asociacións provinciais de AVPC, na formación do persoal técnico e colaborador de protección civil e intervir noutras comunidades autónomas en situacións de emerxencia que, debido á magnitude das mesmas, desborde a súa capacidade de resposta.

Dado que estas funcións de interese público e social só poden ser exercidas de forma exclusiva nesta comunidade polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.06.212A.640.0 e código de proxecto 2015 00138 dos orzamentos do ano 2024, por un importe de setenta mil euros (70.000 €).

A Territorialidade do gasto no ano 2024 é 2.690.464 – Toda a comunidade autónoma

A evolución do gasto respecto do de anos anteriores sufriu un lixeiro incremento, xa que a raíz da pandemia do COVID, o servizo é cada vez máis coñecido e o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias "GIPCE" é requirido cada vez en máis intervencións, tal como se pode comprobar no seguinte cadro:

| <b>ANOS</b>        | <b>Ano 2022</b> | <b>Ano 2023</b> | <b>Ano 2024</b> |
|--------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| <b>IMPORTE (€)</b> | 50.000 €        | 70.000 €        | 70.000 €        |





Estímase que esta actuación é coherente co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, correspondéndose co seu:

E2 EIXE 2. GALICIA VERDE E SOSTIBLE

PA 03 Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias

E01 Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

OI01 Actuacións de soporte e apoio. Gastos de funcionamento

Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable XUMCO2, constátase que o indicador de seguimento para o proxecto 2015 00138 "Estudios e Convenios en materia de protección Civil" é o D0E005 "Poboación beneficiada pola actuación" cun valor previsto de:

D0E005- 2.690.464

O **orzamento estimado desagregado** de todas as actuacións previstas neste convenio é:

|                                                      |                 |
|------------------------------------------------------|-----------------|
| ✓ Actividades de formación                           | 5.500 €         |
| ✓ Reunións e desprazamentos                          | 7.000 €         |
| ✓ Coordinación                                       | 32.000 €        |
| ✓ Actuacións técnicas                                | 12.000 €        |
| ✓ Gastos administrativos, funxibles, telefonía, etc. | 6.000 €         |
| ✓ Gastos imprevistos                                 | 4.000 €         |
| ✓ Seguro                                             | 3.500 €         |
| <b>TOTAL:</b>                                        | <b>70.000 €</b> |

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

O Director Xeral de Emerxencias e Interior

Santiago Villanueva Álvarez (documento asinado dixitalmente á marxe)

